

RefWorks clásico (RefWorks Legacy)



Razóns polas que pode preferir seguir usando o RefWorks clásico polo de agora:

- Estabilidade, é un produto estable que continúa a proporcionar acceso a todas as funcionalidades coas que estás familiarizado se xa es usuario de RefWorks.
- Permite crear varias contas a un mesmo usuario para empregalas en proxectos distintos.

Razóns polas que pode preferir cambiar ao Novo Refworks:

- RefWorks clásico non ofrece a funcionalidade de ler, e incorporar PDFs que ofrece o Novo RefWorks. E tampouco dispón da función de completar a referencia dende o título co índice Summon.
- Refworks clásico non inclúe aplicacións ou *plugins* para Google Docs ou Word 2016 para Mac.

Ademais, Refworks clásico pode deixar de funcionar nalgún momento durante o 2019, así que:

- Se vai empezar un proxecto que espera rematar no 2019 pode que teña que migrar ao Novo Refworks co proxecto empezado.
- Mentres que transferir as referencias e carpetas é posible, os documentos creados con Write N Cite usando o RefWorks Clásico non poden continuarse co Novo Refworks. Proquest está intentando desenvolver esta funcionalidade pero non sabemos cando estará dispoñible.

Novo RefWorks (ProQuest RefWorks)



O Novo RefWorks está en fase de desenvolvemento e aínda está incompleto.

Sen embargo, ofrece **novas funcionalidades** que lle poden interesar:

- Unha ferramenta de busca que permite encontrar e engadir referencias dende o título (índice Summon).
- Subir e crear referencias dende documentos PDF.
- Inclúe un lector de PDFs que permite subliñar e engadir comentarios e notas aos documentos.
- Permite previsualizar a referencia no estilo de cita que selecciones, indicando se faltan datos e dando a posibilidade de completalos.
- Inclúe unha aplicación para crear citas e bibliografías con Google Docs.
- Inclúe unha aplicación que permite citar en Word 2016 para Mac.

Razóns polas que pode que non desexe cambiar ao Novo Refworks polo de agora:

- Non pode crear varias contas co mesmo correo electrónico.
- Non pode mover máis de 100 referencias á vez dunha carpeta a outra.
- Problemas coa ferramenta de desduplicación.
- As súas capacidades para traballar con un gran número de referencias aínda non son estables.

Se precisa asesoramento, por favor contacte coa Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación:

Biblioteca Central de Vigo referencia@uvigo.es 986 813843

Biblioteca Rosalía de Castro (Ourense) saibco@uvigo.es 988 387230

Biblioteca Central Campus Pontevedra refbcp@uvigo.es 986 802001